

Acta núm. 4/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 15 de febreiro de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
Non asiste: José Luis García García.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 15 de febreiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside a 1ª tenente de alcalde Yolanda Bouzas Alfonsín, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 24 de xaneiro de 2019.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Prezo público pola asistencia aos cursos de ofimática 2019.
- 5º.- Bonificacións de prezos públicos.
- 6º.- Licenzas de primeira ocupación.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24 de xaneiro de 2019, acta núm. 03/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO SOBRINO CERDEIRIÑA, na que comunica que vai construír un peche en San Salvador, coas seguintes características:
.- Lindando coa vía pública, o peche será tradicional de pedra, situarase a 6 metros do eixe da vía e terá unha altura de 1,50 m. cun enreixado metálico sobre el de 30 cm.
.- No linde lateral dereito será con enreixado metálico de 1,20 m. de altura sobre unha fileira de pedra.

As parcelas onde se pretenden executar as obras atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Dorinda Mallón Costa, que di actuar en representación de Mª JOSE TAIBO MALLON, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Mato 9, Luaña:

.- Limpeza e encintado dun muro de pedra que linda co camiño.

.- Construción dun peche de separación coa parcela línthane, de 13 m. de lonxitude, en pedra de 1,45 m. de alto e con reixa por enriba.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura total do novo muro non superará 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Alejandro Jesús García Rodríguez, que di actuar en representación de MARIA JOSE SERRAMITO RODRIGUEZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Liñares 61, Brión, con bloques de formigón revestidos, de 1,20 m. de alto e 0,60 m. de reixa por encima. No fronte co vial, o muro formará un resío, coincidente co acceso de vehículos á parcela.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o muro no fronte da parcela se sitúe a 5,50 m. do eixe do vial e o muro do lateral de parcela se sitúe a 4 m. do eixe do vial.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Begoña María Martínez Ces, que di actuar en representación de MARIA JOSE MANCEBO SEOANE, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Bastavaliños 42, Bastavales, coas seguintes características:

.- No linde coa vía pública situarase a 5,5 m. do eixe do vial, con muro de formigón de 1,20 m de alto sobre a rasante natural do terreo e lamas de aluminio lacadas en negro por enriba de 0,60 m. e dous portais de entrada.

.- No linde lateral dereito executarase con bloque prefabricado de formigón hidrófugo branco de 1,20 m. de alto e reixa electrosoldada por enriba de 0,60 cm.

.- No linde lateral esquerdo executarase un muro de mampostería de 0,50 m. de alto e malla electrosoldada por enriba de 1,30 m.

.- A altura total do muro será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretende construír o peche atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por MERCEDES LEMOS BARBEITO, na que comunica que vai construír un baño no baixo da súa vivenda situada en Chave de Ponte 6, Bastavales.

A parcela onde se pretende realizar a obra atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de ampliación da potencia do CT 15CZD2 Vidalóiso e realizar a rede de baixa tensión subterránea para atender a provisión do servizo de enerxía eléctrica de 98,96 Kw para unha concentración de 20 vivendas no lugar de Babenzo, Bastavales.

Proxectase unha rede de baixa tensión subterránea que terá orixe no cadro do novo centro de transformación 15CZ2 Vidalóiso (saída 03) e colocaranse 756 m. de condutor ata cada unha das CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública; segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, con visado do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 30/01/2019, visado nº 328/19-CO.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica está clasificada polo PXOM como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 3.873,46 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS CURSOS DE OFIMÁTICA 2019.

Queda sobre a mesa o asunto ao estar pendente de ditame da comisión informativa do 19.02.2019.

QUINTO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por C.R.D., con rexistro de entrada no Concello núm. 340, do 29.01.2019, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo N.V.R. nas actividades de: Inglés e teatro para nenos.

Vista a proposta de bonificación do 50% da traballadora social do 07/02/2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a C.R.D. unha bonificación do 50% do prezo público, correspondente ao 2º prazo, por importe de 47,50 € correspondente á participación de N.V.R. nas actividades de: Inglés e teatro para nenos, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.E.O.V., con rexistro de entrada no Concello núm. 357, do 31.01.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de inglés.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 07/02/2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.E.O.V. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 180 € correspondente a súa participación no: Curso básico de inglés, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.E.O.V., con rexistro de entrada no Concello núm. 356, do 31.01.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 07/02/2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.E.O.V. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 40 € correspondente a súa participación no: Curso básico de lingua galega, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

d) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por D.M.R.R., con rexistro de entrada no Concello núm. 358, do 31.01.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de acceso a ciclos medios.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 07/02/2019, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a D.M.R.R. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 40 € correspondente a súa participación no: Curso de acceso a ciclos medios, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID ANICETO FERREIRO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Bastavaliños 44, Bastavales.

Con data 04.04.2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a David Aniceto Ferreiro, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 44, Bastavales.

Con data 14.09.2017 a Xunta de Goberno Local concedéulle a modificación da licenza outorgada en Xunta de Goberno Local o 04.04.2016, para construír unha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 44, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto David Montes Pose, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña o 20/11/2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.



Declarouse rematado o acto e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González